BIBLIOTECA ESCOLAR

1. Información xeral do centro

O centro atende perto de seiscentos alumnos e alumnas repartidos/as en catro niveis educativos (ESO, Bacharelato, Ciclo Medio de Laboratorio e Ciclo Superior de Educación Infantil). O claustro está foramdo por 66 docentes repartidos/as en 20 Departementos Didácticos.

2. Información xeral da biblioteca

2.1 Espazo

Mesa con 4 ordenadores conectados a internet

Mesa para a persoa responsable da biblioteca

Estanterías con libros pequenos

Estanterías / andeis con material audiovisual

Mesas de traballo para os/as usuarios/as

Porta principal

Focos de luz natural (ventanais e porta ao exterior)

A biblioteca atópase ubicada nun lugar de fácil acceso e visible para todolos/as seus/súas destinatarias. Situada a carón da entrada principal do centro, da consellería e a secretaría, é lugar de paso necesario para todo o alumnado e profesorado.

A superficie que ocupa é de 30 m^2 aproximadamente (fronte aos 60 m^2 recomendados).

A distribución do espazo de biblioteca é bastante complexa debido ao seu tamaño e aos grandes ventanais que posúe.

Os ventanais non permiten ditribuír as estanterías libremente e o espazo é reducido tendo en conta a colección de matearais da biblioteca e o número de destinatarios/as potenciais da mesma. Nembargantes, grazas a eses ventanais gaña en luminosidade. En xeral, é un lugar agradable aínda que pouco atractivo pola pouca visibilidade dos libros (amontoados nos andeis) e a colocadión do mobiliario.

Os materiais distribuense en andeis que, as veces, elevanse ata os teitos. Ditos andeis abrironse recentemente (antes estaban baixo chave), aínda que seguen estando protexidos con cristaleiras. A señalización é clara aínda que pose resultar insuficiente ou pouco chamativa. Os mateiais están organizados, dentro de cada apartado (política, filosofía, música,literatura española, etc.) por orden alfabético de autor. Todolos materiais están incluidos nun catálogo (mesmo a sección de filmoteca), agás do material correspondente ao CSEI, que foi catalogado fora do catálogo xeral polo departamento.

Dispuxeronse dúas zonas de traballo: equipos informáticos e acceso a Internet (4 ordenadores) e traballo en grupos. O espazo non permite traballar con máis dun grupo de alumnos e alumnas ao mesmo tempo. Tampouco se consideran espazos de lectura informal ou individual.

Na actualidade, non esiste colaboración da Biblioteca escolar con outras bibliotecas escolares ou a Biblioteca pública, agás visitas organizadas polo club de lectura e polo CSEI

2.2. **Persoal**

A persoa reponsable da biblioteca non ten adicación esclusiva a tempo completo para a mesma e na actualidade é, ademáis, profesor de matemáticas e secretario do centro, polo

que as horas de dedicación á biblioteca son recucidas. É a única persoa que cataloga e organiza os fondos. Nos recreos un profesor voluntario ofreceuse a colaborar na xestión de préstamos. Recentemente creouse un grupo de traballo (no que participa a directora do centro, profesora de lengua e literatura castelá) no que se traballa para elaborar o proxecto lector de centro, que se porá en marcha unha vez rematado.

O club de lectura, pola sús banda, conta cunha coordinadora e 7 profesoras e profesores colaboradoras/es.

O persoal docente implicado na Biblioteca escolar atópase motivado, pero acusa a falta de tempo para adicar á mesma e a sobrecarga de traballo. O responsble de BE comenta que fai uns anos o IES contratou un bibliotecario utilizando para elo fondos do centro non destinados específicamente a este fin, o que demostra o interese do instituto por ofrecer un servizo de biblioteca escolar de calidade.

2.3. **Adquisición de materiais**

A biblioteca non ten un presuposto específico destinado, se non que o presuposto é xeral e cada Departamento pode solicitar as compras que crea oportunas. O centro soe aceptar todas as peticións solicitadas.

Asemade, os ciclos formativos tiñan unha dotación específica do Fondo social europeo. No caso do Ciclo Superior de Educación infantil, ao non tratarse dun ciclo técnico, destinou a maior parte do presuposto á compra de bibliografía específica, polo que, roporcionalmente, é o departamento con maior número de materiais dispoñibles.

O profesorado das distintas asignaturas participan na selección de materiais na medida en que teñen liberdade absoluta para solicitar a compra de materiais específicos. Na

actualidade, a biblioteca non se utiliza como centro de recursos integrado nas clases de ningunha das asignaturas.

2.4. **Colección**

Os recursos da biblioteca son múltiples e variados. Destaca especialmente unha sección de filmoteca amplísima (pertode 5000 películas).

O centro permite o préstamo destes materiais ao alumnado de centros dos arredores, ex – alumnos/as e profesorado de outros centros.

O maior problema que presenta a biblioteca en canto a súa colección é a falta dunha política de expurgo, que limita en canto a espazo e a perxudica en gran modo. Os libros de texto do programa de gratuidade se almacenan nun espazo diferente ao dla Biblioteca escolar e determinadas obras foron levadas a distintas zonas do centro (sala de profesorado,

titorías…). O encargado da Biblioteca sinala que o centro recibe materiais de maneira habitual editados pola Xunta de Galicia ou a Deputación e que pouco interese teñen para unha Biblioteca escolar (son materiais pouco didácticos e moi específicos para unha BE), aínda que se conservan e catalogan igualmente.

A biblioteca non dispón dunha zona de lectura informal na que poder consultar publicacións periódicas variadas.

En canto a material impreso, a Biblioteca dispon de máís de 10000 títulos catalogados.

Dispón dun ordenador para o responsable da biblioteca con todos seus fondos perfectamente automatizados e cun sistema sinxelo de localización. Para as/os usuarias/os, a Biblioteca escolar dispón de 4 ordenadores con conexión a internet, un número moi baixo para atender a demanda. É por esta razón que o centro decidiu abrir as aulas de informática durante os recreos.

2.5. **Servizos da biblioteca**

O préstamo se concede por dez días e pode ser aprazado dependendo da demanda da obra en cuestión.

O IES conta cun club de lectura que se reúne unha vez á semana, en días distintos dependendo do curso ao que se dirixa. Actualmente, participan no club trece alumnos e alumnas de 1º de ESO, dezanove de 2º, once de 3º e catorce de 4º, un número que foise ampliando desde que o club de lectura empezou a súa andaina no curso 2007/2008.

Asemade do club de lectura, se organizan encontros con autores/as, proxeccións e mesas redondas de películas baseadas en libros, visitas á biblioteca pública e bibliotecas universitarias do entorno e a publicación da revista escolar "Xuncos", onde os alumnos e alumnas participantes no club de lectura poden escribir sobre as obras lidas.

En canto ao horario, a Biblioteca se encontra aberta de 9 a 14:30 e de 16,30 a 20 horas de luns a xoves e de 9 a 14:30 os venres.

É utilizada polas tardes para reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do Consello Escolar e para actividades organizadas pola ANPA do centro.

2.6**. Responsable da biblioteca**

A persoa responsable da biblioteca desde o curso 1999-2000 é José Manuel Ramos González, profesor de matemáticas con formación en xestión informática e secretario do centro desde fai 10 anos. É, asemade, o creador da páxina web do centro, desde a que se pode acceder a todo o catálogo de material impreso e audiovisual da biblioteca. Asemade de súa formación científica, é un gran amante da literatura en xeral e ten unha sólida base

neste tema é autor dos enlaces a páxinas literarias da web do centro (Roald Dahl, Guy de Maupassant, Catulle Mendès e Fredric Brown).

Considera que a biblioteca debe ser unha especie de “templo de cultura”. Non ten un horario que lle permita dedicarse plenamente á biblioteca e conta con poucos apoios para xestionala. É a única persoa que sabe catalogar.

Cre que la BE funciona ben a pesar das carencias e valora moi positivamente a sección de audiovisuais, que o centro presta de forma habitual a persoas do centro e alleas ao centro. Por motivos obvios, ao alumnado prestanselles audiovisuais de entretenimento, películas comerciais na súa maioría, soamente os venres; non obstante os de tipo documental ou

outros relacionados co seu currículo académico prestanse sen limitacións.

Todos os cursos académicos, o alumnado de 1º curso de E.S.O. e de 1º de Bachillerato, por ser xeralmente alumnado que accede ao centro por primeira vez, recibe unhas instruccións por parte do responsable da biblioteca, dirixidas a proporcionarlles autonomía para que eles e elas mesmos sepan interpretar os texuelos adheridos nos libros, a fin de localizar calquer libro sen necesidade de acudir ao responsable dos préstamos que, por falta de horario, so está dispoñible nos recreos.

3. **Principais aspectos a reseñar**

Aspectos endóxenos do análise DAFO

Fortalezas	Debilidades
- Implicación e interese do equipo directivo en temas relacionados coa BE e promoción da lectura. - Se conta con persoal motivado, implicado e formado en xestión bibliotecaria e dinamización de BE. - Se dispoñe de presuposto para a mellora e desenrolo da colección, tanto no que se refire a lecturas literarias como en materiais curriculares. - Se dispoñe dun extenso catálogo de materiais impresos e audiovisuais. - A BE ten automatizados os seus fondos, poidendo acceder aos materiais dispoñibles a través da páxina web.	- Non dispoñe de guía de uso de biblioteca. - Non dispoñe de espaczs para a lectura informal. - A disposición da colección é pouco atractiva por falta de espazo e distribución de mobiliario. - As actividades de dinamización (club de lectura) non se realizan na BE, senón na aulas. - A BE non dispoñe de estanterías adecuadas ou taboleiros para a exposición de novedades, boletíns, etc. - A BE non dispoñe dunha zona de prensa ou revistas de temas variados?? - Non dispoñe de ordenadores suficientes para ser utilizada por un

- A BE é utilizada como aula para clases de apoio e reforzó. - A BE está a disposición do alumnado e demáis membros da Comunidade Educativa, como local de estudo ou para realización de tarefas. - Na BE realízanse actividades como charlas, exposicións ou contacontos.	grupo-clase. - A BE non conta cunha política de expurgo. - Horario de BE limitado case exclusivamente ao horario lectivo. - No permite o traballo de máis dun grupo ao mesmo tempo. - A BE non se inclúe como recurso nos proxectos curriculares. - Señalización clara pero poco atractiva. - Pouca participación dun gran sector do profesorado na dinamización da BE. - Unha soa persoa se ocupa da catalogación de fondos. - Pouca ou nula implicación das familias.